

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O GRUPO EL PROGRESO PARA A XERACIÓN DE RECURSOS DIXITAIS ACCESIBLES PROCEDENTES DO ESCANEO E TRATAMENTO BIBLIOGRÁFICO DAS PUBLICACIÓNS *DIARIO DE PONTEVEDRA* E *EL PROGRESO* E DESTINALOS A SÚA INTEGRACIÓN NO REPOSITORIO DE GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA**

En Santiago de Compostela,

Dunha parte, José López Campos, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Dona Blanca de Cora García-Montenegro, conselleira delegada do Grupo El Progreso, actuando en nome e representación de dito grupo, con CIF B27000637 e enderezo na rúa Ribadeo 5, da cidade de Lugo.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan teñen conferidas e,

### **EXPOÑEN**

1. Que a Consellería é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde velar pola difusión e preservación das obras que constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia, prestar servizos de apoio, promoción e coordinación das tarefas de control bibliográfico, restauración e dixitalización, así como a de constituír e manter unha biblioteca virtual que asegure a presenza da produción bibliográfica galega, e da relacionada co ámbito lingüístico e temático galego, na Internet.
2. Que a Consellería, a través da Dirección Xeral de Cultura, é a responsable de manter e actualizar Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia (en diante Galiciana-BDG), o repositorio do patrimonio bibliográfico dixital galego. Ademais é responsable de fomentar relacións de colaboración con outros centros ou organismos tanto públicos como privados que poidan contribuir a incrementar a colección de Galiciana-BDG.
3. Que Galiciana-BDG ten como un dos seus principais obxectivos a conservación e difusión do patrimonio hemerográfico galego. A prensa histórica galega é unha fonte primordial de información para estudos e investigacións vencellados con diferentes ámbitos da cultura galega. Ampliar o proceso de dixitalización sobre as coleccións dos xornais *Diario de Pontevedra* e *El Progreso* melloraría os servizos



- para os usuarios en xeral, proporcionando un acceso de maior calidade aos recursos da Consellería en relación ca educación e a formación continua.
4. Que a preservación do contido da prensa histórica galega é unha prioridade para a Consellería pola inestabilidade do papel no que habitualmente se imprimía. Reducir a manipulación e o uso de materiais orixinais fráxiles ou utilizados intensivamente e crear unha "copia de seguridade" para o material deteriorado como o da prensa histórica é unha das prioridades de todo proxecto de dixitalización. Esta é outra das razóns pola que se xustifica levar adiante os traballos de transformar a dixital os exemplares en papel dos xornais *Diario de Pontevedra* e *El Progreso*.
  5. Que o Grupo El Progreso, con sede na rúa Ribadeo 5, da cidade de Lugo, é a persoa xurídica titular dos dereitos de propiedade intelectual das cabeceiras de prensa *Diario de Pontevedra* e *El Progreso*, e como tal correspóndelle o dereito exclusivo á explotación da obra, sen máis limitacións que as establecidas no *Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia*.
  6. Que os xornais *Diario de Pontevedra* e *El Progreso* son unha fonte de información de referencia, non só para as súas respectivas provincias, senón tamén para toda a Comunidade Autónoma xa que son dúas das publicacións periódicas diarias galegas aínda vivas máis lonxevas.
  7. Que coa dixitalización de novos números destas publicacións a Consellería respondería á alta demanda por parte dos usuarios das bibliotecas deste tipo de documentos, ao mesmo tempo que se garante a súa preservación a través das novas tecnoloxías.
  8. Que o proxecto de dixitalización das publicacións *Diario de Pontevedra* e *El Progreso* cumpriría con todos os requisitos para incrementar a colección de Galiciana-BDG, o que lle permitirá unha difusión máis ampla grazas a participación de Galiciana-BDG nos proxectos de Hispana e Europea.

Polo anteriormente exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

O presente convenio ten como obxecto a xeración de recursos dixitais accesibles procedentes da dixitalización sistemática e da asignación de metadatos das publicacións *Diario de Pontevedra* e *El Progreso* depositadas na Biblioteca de Galicia, coa finalidade de mellorar o acceso ao contido de ditas publicacións e lograr a súa preservación. Transformaranse a imaxe dixital un mínimo de 120.000 páxinas entre ambos xornais.



De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrència pública para a realización destas actividades dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o interese social das mesmas, xa que é o Grupo El Progreso é o único titular dos dereitos de difusión dos números das publicacións que se van a incorporar a Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia (*El Progreso* e *Diario de Pontevedra*). A non concorrència xustifícase tamén polo contido do xornal. Tradicionalmente a prensa diaria na nosa comunidade defínese por reflectir un periodismo de proximidade. As noticias locais son unha parte moi importante das cabaceiras de prensa das nosas comarcas ou provincias. Esa exclusividade na información local que pode atoparse nas nosas cabeceiras de prensa histórica xustifica por si mesma a conveniencia da non concorrència na sinatura de convenios de colaboración, xa que cada un dos xornais que poden ser susceptibles de procesos de dixitalización sistemáticos atende a contidos diferenciados e particulares.

## **Segunda. Actuacións da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude**

A Consellería, a través da Biblioteca de Galicia, comprométese a:

1. A Consellería, a través dos seus medios, propios ou obtidos mediante procesos de externalización, xerará un recurso dixital procedente do escaneo e tratamento bibliográfico das publicacións en papel *Diario de Pontevedra* e *El Progreso* custodiadas na Biblioteca de Galicia, financiando o custe completo da dita xeración conforme as súas dispoñibilidades orzamentarias.
2. Durante o período de vixencia deste convenio, as actuacións que levará a cabo a Consellería implicarán a dixitalización, asignación dos metadatos e xeración dos formatos de imaxe para a preservación e difusión na Internet dos números publicados nos seguintes anos en ambas publicacións periódicas:
  - El Progreso: desde el 01/05/1975 hasta el 31/12/1981
  - Diario de Pontevedra:
    - desde o 15/09/1963 ata o 07/06/1967 (II época)
    - desde abril de 1968 ata o 31/12/1976 (III época)
3. A dixitalización farase sobre as coleccións en papel custodiadas nas seguintes institucións:
  - Biblioteca de Galicia:
    - El Progreso: desde o 01/05/1975 ata o 31/12/1981
    - Diario de Pontevedra: desde o 02/04/1974 ata o 31/12/1976
  - Sede del Diario de Pontevedra (Lepanto, 5 – 36001) – Diario de Pontevedra:
    - desde o 15 de setembro de 1963 ata o 31 de decembro de 1966
    - desde o mes de abril de 1968 ata o 31/12/1969
    - ano 1970 (excepto xullo-agosto-setembro)
    - ano 1971 (excepto xullo-agosto-setembro)
    - desde xaneiro de 1972 ata marzo de 1974



- Biblioteca Pública de Pontevedra – Diario de Pontevedra:
  - desde o mes de xaneiro ata o 7 de xuño de 1967
  - xullo-agosto-setembro de 1970
  - xullo-agosto-setembro de 1971

A empresa encargada do proceso de dixitalización sistemática terá que levar a cabo os traballos no emprazamento que determine a Consellería e baixo a supervisión dos técnicos da Biblioteca de Galicia.

4. Os traballos de xeración dos recursos dixitais realizaranse conforme a normativa técnica e demais recomendacións de organismos internacionais que se veñen aplicando en Galiciana-BDG. En concreto, axustaranse aos criterios técnicos e aos parámetros de calidade da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que se especifican no documento “Requirimentos técnicos para proxectos de dixitalización de fondos bibliográficos en institucións da memoria de Galicia” accesibles na URL:  
[https://amtega.xunta.gal/sites/w\\_amtega/files/bib\\_dixitalizacion\\_req\\_tecnicos\\_.pdf](https://amtega.xunta.gal/sites/w_amtega/files/bib_dixitalizacion_req_tecnicos_.pdf).
5. A Consellería facilitará ao Grupo El Progreso unha copia en disco duro do recurso dixital procedente do escaneo e tratamento bibliográfico do *Diario de Pontevedra* e *El Progreso* nos rangos cronolóxicos obxecto deste convenio.
6. Corresponde á Consellería a conservación do recurso dixital xerado procedente do escaneo e tratamento bibliográfico dos números dos xornais *Diario de Pontevedra* e *El Progreso*. Sen prexuízo da copia que se lle facilite ao Grupo El Progreso, o máster da reprodución en formato TIFF 6.0 quedará en posesión plena e total da Xunta de Galicia para a súa conservación.
7. A Consellería fará comunicación pública en Internet a través de Galiciana-BDG, do recurso dixital xerado procedente do escaneo e tratamento bibliográfico dos números do *Diario de Pontevedra* e *El Progreso*. A Consellería poderá difundir eses recursos dixitais no marco de calquera outro proxecto, actuación ou iniciativa de calquera clase que dita Consellería adopte para o cumprimento dos fins que ten encomendados.

### Terceira. Actuacións do Grupo El Progreso

O Grupo El Progreso comprométese a:

1. Permitir a dixitalización dos números en papel das cabeceiras de prensa da súa propiedade: *Diario de Pontevedra* e *El Progreso*, nos rangos cronolóxicos asociados a este convenio.
2. Como titular do dereito exclusivo da explotación da obra, permitirá á Consellería exercer os dereitos de reprodución e comunicación pública das imaxes de ambas cabeceiras que se obteñan do proceso de dixitalización nos rangos cronolóxicos seleccionados para este convenio. A difusión realizarase a través de Galiciana-BDG, indicándose a procedencias das imaxes.
3. O Grupo El Progreso poderá realizar permanentemente e en tódolos países do mundo, os actos de reprodución, distribución, comunicación pública e



transformación que estime convenientes dos recursos dixitais xerados polo escaneo e tratamento bibliográfico desas dúas publicacións no rango cronolóxico establecido para este convenio, en calquera das modalidades de explotación existentes e coñecidas ao día da sinatura deste convenio.

#### **Cuarta. Financiamento**

O financiamento desta actuación correrá integramente a cargo da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, que aportará as cantidades necesarias con cargo aos Presupostos de Gastos e estará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente durante os anos de vixencia deste convenio. A adxudicación dos traballos vinculados a este convenio farase mediante a correspondente licitación pública seguindo o que establece a *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público*, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as *Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014*.

#### **Quinta. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Grupo El Progreso acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **Sexta. Propiedade intelectual e dereitos de autor**

En todas as tarefas vinculadas a este convenio respectarase o disposto no *Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia*, modificado pola *Lei 21/2014, do 4 de novembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, e a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil* (BOE núm. 268, do 5 de novembro de 2014) e pola *Lei 2/2019, do 1 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, e polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2014/26/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, e a Directiva (UE) 2017/1564 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 2017* (BOE núm. 53, do 2 de marzo de 2019), así como o establecido na *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais* (BOE núm. 294, de 6 de decembro de 2018).



De xeito particular as partes asinantes comprométense a asumir as súas respectivas responsabilidades vencelladas coa consideración dos xornais como obras colectivas en base ao establecido no artigo 8 do Real Decreto Legislativo 1/1996.

### **Sétima. Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas, divulgativas e publicacións que se realicen relacionadas coas actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e usarase, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa. Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e da existencia deste convenio.

### **Oitava. Vixencia**

O período de vixencia deste convenio empezará a contar dende a súa sinatura e estenderase por un período máximo de tres (3) anos. Antes do remate deste prazo as dúas partes asinantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata dous anos adicionais, agás que unha das partes decida a súa resolución comunicándoo á outra parte con tres meses de antelación.

A duración do presente convenio está supeditada a realización do seu obxecto e do cumprimento dos compromisos acordados. A data máxima de execución destes traballos quedará vinculado ao período de vixencia establecido para o presente convenio.

### **Novena. Comisión de seguimento**

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ou a persoa en quen delegue, e pola presidenta do Grupo El Progreso ou a persoa que designe en substitución.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

### **Décima. Modificación, denuncia e rescisión do convenio**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.



O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

### **Décimo primeira. Responsabilidade das actuacións**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **Décimo segunda. Avaliación de resultados**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Cultura, avaliará a realización das actividades obxecto deste convenio e a súa incidencia efectiva no acceso e difusión dos fondos dixitalizados do patrimonio bibliográfico galego.

### **Décimo terceira. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o *Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos* e a *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais* (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018), adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados. Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### **Décimo cuarta. Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a *Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia* (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co



artigo 3 da *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia*, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

### **Décimo quinta. Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia [Notific@](mailto:Notific@), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Décimo sexta. Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten natureza administrativa e seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.



- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 149/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude    A conselleira-delegada do Grupo El Progreso

José López Campos

Blanca de Cora García-Montenegro

